

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE NOVEMBRO DE DOUS
MIL DEZAOITO: - - - - -**

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D^a Vanessa Rodríguez Búa
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez

NON ASISTE:

D^a M^a Paz Lago Martínez

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO:

D. Angel Luis López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dez horas e cinco minutos do día dezaseis de novembro de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

O **Sr. Alcalde** desculpou a ausencia da **Sra. Lago Martínez** por encontrarse nun congreso en Portugal.

UNICO: PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2019. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Económicos e Patrimonio** do

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, destacou que se presentaba un presuposto en tempo e forma para ser operativo a principios de ano, sendo dos primeiros que lembra que se traen en prazo e o terceiro en 18 meses, sinalando que de non traer este orzamento, non se poderían realizar moitos proxectos plurianuais, polo que é moi importante telo aprobado canto antes. A continuación o interviniente desglosou o importe por organismos e describiu algunhas das actuacións mais importantes, como a da rúa Progreso, o Pazo de Quintáns ou Destinos Intelixentes, engadindo que tamén existían catro plans directores e que, no 2018, amortizouse débeda por importe de 220.000 euros, estando na actualidade en 3.800.000 euros, un 25% por debaixo do que permite a lei, polo que pode dicirse que este concello se encontra nunha situación saneada, ademais aludiu a redución do IBI, que pasa a un tipo do 40%, que é o mínimo legal permitido, conxelando o resto de impostos e taxas. Por último resaltou que se ía potenciar á empresa municipal de “Turismo”, buscando unha maior eficacia e a dedución do IVE e que, en materia de persoal, realizarase un proceso de consolidación de emprego e de funcionarización.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que tiña que repetir o mesmo discurso de hai un ano, cando dixo que se trataba dun presuposto enganoso, que só sirve ao alcalde de escaparate para lograr titulares, podéndose pensar, por unha persoa sensata, de donde sae tanto diñeiro a manexar e que non existía, como ía explicar. A continuación indicou que cando calqueira realiza un presuposto parte primeiro do que se ten e logo planifica en que gastalo, en cambio aquí faise ao revés, vense os gastos a realizar e, a continuación, ínfanse os ingresos, recorrendo outra vez ao endebedamento, que volve con este alcalde, lembrando que se prevé un importe por préstamos de, aproximadamente, cinco millóns e medio de euros, destacando tamén o presuposto de “Insula”, 4.200.000 euros, que se prevé que salga da enaxenación de solares, entendendo que entendía que procederá das parcelas do polígono, vendendo polo tanto patrimonio municipal, non sabendo se iso será acertado. A concelleira no uso da palabra manifestou que vistos os ingresos obtidos na rendición das contas xerais de 2017, prevénse neste presuposto uns ingresos moi superiores aos que alí figuraban, por exemplo no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, a subida sobre o sinalado na conta xeral é un 60% mais, no ICIO un 46% mais, na recollida de lixo un 39% mais e, en licenzas de apertura, un 100% mais. Neste momento o **Sr. Alcalde** indicoulle á interviniente que tiña que rematar a súa exposición, porque xa levaba sete minutos e medio na súa intervención e tiña que respectar o procedemento, polo que debía finalizar a súa alocución ou lle retiraba o turno e a concelleira interviniente solicitou que, a súa vez, se lle respectara o seu dereito de concelleira, que parecía que molestaba o que dicía, indicando que quería que constase por escrito que pola alcaldía se lle retirou a palabra sen ningún tipo de explicación, sinalando entón o **Sr. Alcalde** que foi a propia concelleira a que deu lugar a que se lle retirase a palabra.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou en primeiro lugar que estaba a favor de que se deixase falar aos concelleiros e a continuación sinalou que se estaba nunha época convulsa, cun plan de axuste e a obrigatoriedade de cumprir as regras de estabilidade presupostaria, todo isto mentres se trataba de conseguir cofinanciamento para as inversións das que se obtivo

subvención doutras administracións, respectando o Plan de Axuste. O concelleiro interviniente precisou que o importe do orzamento correspondente ao Concello de Sanxenxo é 29 millóns de euros, dos que 10.5 millóns e medio ían para soldos. O interviniente resaltou que o presuposto de “Terra” disminuía de 4.100.000 a 2.800.000 euros, incrementando en cambio os de “Turismo”, posto que moitas das actuacións que realizou “Terra” ían a pasar á sociedade mercantil, porque parecían mais da competencia daquela, como ás praias, quioscos ou balizamento, á parte da organización da multisectorial, que era de “Insula”. En canto á “Nauta” seguía funcionando ben, ao ter os aparcadoiros ou o atraque dos barcos e, polo que respecta á “Insula”, no pasado realizou a multisectorial e, agora, parecía que se ía dedicar á tarefas mais específicas do seu obxecto, mesmo contratando persoal.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, mostrouse de acordo co manifestado pola concelleira Sra. Rodríguez Búa, respecto de que este presuposto só era un lavado de cara e quixo deixar constancia de que o día 7 de novembro non se lle entregou toda a documentación do presuposto, engadindo que non se fai referencia ao pago da sentenza dos irmáns Rocafort, de mais de 3.000.000 de euros, cando se explicou que o seu pago supoñería o incumprimento do plan económico presupostario. A concelleira no uso da palabra, polo que respecta a “Insula”, indicou que esperaba que se use para xestionar vivendas de protección oficial e non sirva só para dinamizar o polígono. A interviniente proseguiu dicindo que a baixada do IBI era unha mentira, non só non diminuíu, senón que subiu, como consecuencia da revisión da ponencia de valores, producíndose un incremento na recadación para o concello de 1.300.000 euros, preguntándose se este non era o caso no que, ao obter ingresos por encima do presupostado, debíanse dedicar a rebaixar o nivel de endebedamento.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que calqueira podía pensar que o goberno municipal quería facer coincidir as inversións co ano electoral, posto que no 2017 xa ía presupostada a obra da rúa Progreso, a urbanización do Revel, por certo con bastante menos importe neste presuposto, o colexio de Vilalonga, cun importante incumprimento da Xunta e do Concello ou o Pazo de Quintáns, actuacións todas elas que se van acumulando cara ao ano 2019, co que ademais se demostra que non se executan os orzamentos. A continuación o interviniente, no referente ao tema de “Insula”, lembrou que, no seu día, se indicou que se creaba polo tema de vivendas sociais e, agora, faise unha aposta electoral, sen xustificar de onde ía proceder o diñeiro, engadindo que non permitirían que outra vez se fose a xogar con estas cuestións. Por último, neste turno de intervencións, aludiu a que se realizaban transferencias entre varias sociedades e que todo isto supoñía unha política de inflar o globo, para executar todo nos últimos cinco meses de mandato, en campaña electoral.

O Sr. Guisasola Padín explicou que o presuposto está informado polo interventor municipal, que acreditaba o cumprimento dos distintos parámetros, polo que dicir que as partidas estaban infladas era descoñecemento, xa que o importe das mesmas podía partir do recadado no 2017 ou da referencia do ingresado a 30 de setembro do ano en curso e se seguiu o criterio mais adecuado, polo que o dito pola Sra. Rodríguez Búa a este respecto, era unha barbaridade. O interviniente continuou manifestando que o concello ten que presupostar a parte municipal das obras cofinanciadas e que o presuposto sempre é unha previsión, precisando no que respecta ao cumprimento da sentenza dos Rocafort, que a día de hoxe non é esixible, o que non evita que prevean no presuposto a súa execución, destacando tamén que o traslado de actuacións a “Turismo”, traerá como consecuencia un aforro no IVE de 150.000 euros e, no que respecta ao IBI, volveu a indicar que o tipo era o mínimo legal e que, o que en Sanxenxo custa 1.000 euros, en Pontevedra custa 1.640 euros,

especificando que a competencia municipal deste asunto era a referente ao tipo, non aos valores. O interviniente finalizou a súa alocución para destacar que este era o terceiro presuposto que se aprobaba neste goberno e que, sen presupostos, non hai capacidade de investimento.

A **Sra. Rodríguez Búa** pediu en primeiro lugar que se lle deixase dicir todo o que tiña que dicir, manifestando que calquera persoa podía concluír que este presuposto non é real, facendo responsable do mesmo ao Sr. Alcalde, recalcando o anteriormente exposto do desfase existente entre o recadado na conta xeral do 2017 e o previsto no próximo orzamento, cun incremento, á parte do xa exposto na súa anterior intervención, para o concepto de mesas dun 42% ou para o voo, que pasa de 12.000 a 182.000 euros presupostados. A continuación, respecto do dito polo anterior interviniente de que se non se aprobaba o orzamento non se podían executar obras, podía pensarse que tampouco ao seu partido lle interesaba que se executasen esas obras, cando se negou a negociar os presupostos co anterior goberno municipal, o que demostra o pouco que lle importan os veciños a este goberno.

O **Sr. Agís Balboa** empezou dicindo que hai que prever o pago da expropiación e, se o endebedamento é necesario, hai que facelo, non parecéndolle mal que “Insula” se dedique a actuacións no polígono e a promover vivendas de protección oficial, considerando correcto o concurso de ideas, por importe de 200.000 euros, que vai facer “Nauta” para mellorar o porto, así como que “Turismo” organice a multisectorial e outras actuacións nas praias, que son mais propias deste organismo, á parte de conseguir deducir o IVE. Polo que respecta aos cinco plans directores, distribúense a partes iguais, parecéndolle pouco o que se destina á parte social. O interviniente indicou que nas comisións a oposición non realizaba ningunha aportación, reservándose para dicir no pleno o que crían conveniente. Asemesmo indicou que a realidade era que este é o terceiro orzamento en tres meses, que existían subvencións doutros organismos e, se se quere ese diñeiro, hai que aprobar a cofinanciación municipal e que, aínda que hai cousas que mellorar, o certo é que o polígono está aberto, vaise a realizar o colexio en Vilalonga, a rehabilitación do Pazo de Quintáns, a reforma da rúa Progreso, o centro de piraguismo ou a axenda dixital, rematando para dicir que ía votar a favor dos orzamentos.

A **Sra. González-Haba Pérez** puntualizou que o goberno do tripartito tivo o espírito de reducir a débeda e o conseguiu e, en cambio, o goberno actual, auméntaa e, no que respecta ao IBI, aos veciños de Sanxenxo non lles fai graza que se fale de baixada de impostos, cando os recibos incrementanse.

O **Sr. Otero Domínguez** especificou que se volvían a reproducir investimentos, que nalgún momento se terán que executar, precisando, respecto do concurso de ideas de “Nauta”, que o acordo do consello de administración da citada mercantil era por 100.000 euros e, agora, vai ao dobre, co que se incumpría o referido acordo. O interviniente precisou que, no su día, o BNG presentou unha moción para que a forma de conceder subvencións fose a de concorrencia competitiva e non nominalmente, de forma que esta vía fose a excepcional e, agora, vólvese a repetir practicamente o mesmo texto que se aprobou en xullo, mesmo para algunhas actuacións concretas, que xa no seu momento eran discutibles. Polo que respecta ao IBI, resaltou que a comparación con outros concellos, como Pontevedra, era abstracta e sen ter en conta as realidades dos dous concellos, pero o certo é que se consegue un ingreso a mais de 1.100.000 euros para o concello, sometendo aos veciños a uns incrementos nos seus recibos, finalizando a súa intervención para dicir que estes presupostos se limitan a acumular actuacións xa previstas, cara as futuras eleccións, volvendo a ser mais do mesmo.

O **Sr. Guisasola Padín** dixo que non lle podían falar nada de negociación dos presupostos, cando a el, o anterior goberno, non lle deu nin tres días para negociarlos, respecto ao IBI indicou que a competencia de revisión non era municipal e se realizou en toda España e que dende o concello se fixo todo o posible, baixando o tipo ao mínimo legal permitido. Encanto ás subvencións, a lei tamén permite o seu outorgamento con carácter nominal e, entendendo que a regra xeral é a concorrencia competitiva, para servizos sociais, festas, etc a fórmula máis adecuada parecía que era a nominal. O concelleiro interviniente destacou que o porto deportivo era hoxe en o día o motor económico do concello e no seu día, falouse de que era moi arriscado acudir a un préstamo para a súa execución, o que demostra o catastrofismo económico do BNG, finalizando a súa alocución para indicar que, grazas ás medidas sinaladas no plan de axuste, pódense realizar unha serie de investimentos agora e que o endebedamento pode ser moi bo, sempre que se dedique a infraestruturas e equipamento.

O **Sr. Presidente** agradeceu o traballo realizado polo Concelleiro de Economía, así como polo servizo de intervención e os restantes municipais, que permitiron realizar estes presupostos, entendendo que, se din que o presuposto é electoral, será porque é bo.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, dándose a seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sras. González-Haba Pérez e Rodríguez Búa, concelleiras non adscritas).

Abstencións: 0.

En consecuencia, e por maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2019 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, a previsión da sociedade mercantil Turismo de Sanxenxo, S.L., a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 36.485.714,37 € en ingresos e de 36.255.628,42 € en gastos (despois de eliminacións internas), as eliminacións ascenden en termos legais de consolidación a 3.117.427,69 €. euros, co seguinte desglose:

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	10.002.132,99	0,00	0,00	0,00	0,00	10.002.132,99	0,00	10.002.132,99
2	435.648,63	0,00	0,00	0,00	0,00	435.648,63	0,00	435.648,63
3	5.679.718,99	825.382,78	0,00	1.727.460,22	0,00	8.232.561,99	0,00	8.232.561,99
4	3.985.391,01	1.989.312,71	1.128.114,98	10.000,00	95.566,86	7.208.385,56	3.117.427,69	4.090.957,87
5	5.112,29	0,00	198.407,54	100,00	0,00	203.619,83	0,00	203.619,83
6	0,00	0,00	0,00	0,00	4.200.000,00	4.200.000,00	0,00	4.200.000,00
7	3.806.946,80	0,00	0,00	0,00	0,00	3.806.946,80	0,00	3.806.946,80
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	5.513.846,26	0,00	0,00	0,00	0,00	5.513.846,26	0,00	5.513.846,26
TOTAL	29.428.796,97	2.814.695,49	1.326.522,52	1.737.560,22	4.295.566,86	39.603.142,06	3.117.427,69	36.485.714,37

ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	4.449.235,06	1.786.612,43	250.302,33	503.433,16	94.500,00	7.084.082,98	0,00	7.084.082,98
2	7.546.470,16	938.613,32	810.144,70	784.041,11	1.066,86	10.080.336,15	0,00	10.080.336,15
3	101.148,09	0,00	0,00	20.000,00	0,00	121.148,09	0,00	121.148,09
4	3.154.735,21	82.393,73	189.549,98	0,00	0,00	3.426.678,92	3.117.427,69	309.251,23
6	11.299.790,07	7.076,01	76.525,51	200.000,00	4.200.000,00	15.783.391,59	0,00	15.783.391,59
7	33.572,12	0,00	0,00	0,00	0,00	33.572,12	0,00	33.572,12
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	2.843.846,26	0,00	0,00	0,00	0,00	2.843.846,26	0,00	2.843.846,26
TOTAL	29.428.796,97	2.814.695,49	1.326.522,52	1.507.474,27	4.295.566,86	39.373.056,11	3.117.427,69	36.255.628,42

SEGUNDO: Incorporar nas bases de execución do orzamento a disposición final nº 17, co seguinte texto:

DISPOSICIÓN FINAL 17ª DE COMPROMISO DE EXECUCIÓN DE INVERTEMENTO:

Pola presente base adquirese o compromiso de levar a cabo as tarefas de xestión presupostaria que sexan precisas para executar no ano 2019 o Centro Social de Gondar, baixo as seguintes directivas:

- a) Deberase dispor dos terreos para poder executar a obra.
- b) A mesma destinarase a usos sociais, culturais e deportivos e demais relacionados na Parroquia de Gondar.
- c) O importe estimado inicial da obra é de 160.000,0 euros, I.V.E. incluído.
- d) A obra poderase executar mediante calquera destas dúas formas alternativas:
 - d.1) Mediante aplicación dos plans directores consignados, previa transferencia, no seu caso, á área de gasto de destino que debe subsumir o gasto pola especialidade.
 - d.2) Mediante a aplicación do remanente da tesourería para gastos xerais en situación de dispoñible deducido da liquidación do exercicio 2018, caso ser susceptible de considerarse investimento financeiramente sostible.
- e) O presente proxecto poderase considerar como anual ou plurianual, a dúas anualidades, podéndose imputar á anualidade seguinte respecto da que se comeza o gasto un máximo do 70% do global do proxecto.

TERCEIRO: Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

CUARTO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as once horas e vinte e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **DOU FE:**